



**Follas novas** foi o segundo dos libros en galego de Rosalía. O título é un xogo. Son follas de papel, porque escribiu máis desde o outro libro, ou son follas das plantas que están nacendo e son noviñas?


Tamén aparece o xogo no poema "Follas novas, risa dáme" no que intenta explicar o título do libro. A diferenza do libro anterior, que fora recoñecido no seu tempo con admiración, "Follas novas" recibiu críticas moi fortes. Porén este libro supera ao anterior en calidade poética.

**Padrón** foi a localidade onde Rosalía viviu os últimos anos da súa vida, na Casa da Matanza. Hoxe en día está convertida nun museo dedicado a ela.



O mes de maio ten 31 días e é tan longo como outros seis meses máis, pero cando Rosalía di que é moi longo, os campesiños entendíano perfectamente. Maio é un dos meses con máis traballos no campo, e faise ben, ben longo.

A sombra era algo imaxinario pero que se creía moi real. Cando alguén enfermaba sen explicación dicíase que a "sombra" o posuíra, estaba "asombrado" e había que facer conxuros para sacarlle e curalo.



# Rosalía de Castro

*En 1880 publica*


## **Follas Novas**

*segundo libro de poemas  
obra de madurez e  
fundamental da nosa literatura.*

*Rosalía Castro de Murguía*



COLEXIO DE EDUCACIÓN  
INFANTIL E PRIMARIA  
LUÍS SEOANE






Follas novas! risa dáme  
 Ese nome que levás,  
 Cal se a unha mouroa ben mouroa,  
 Branca lle oise chamar.

—  
 Non Follas novas, ramallo  
 de toxos e silvas sóas,  
 irtas, como as miñas penas,  
 feras, coma a miña dor.

—  
 Sin olido nin frescura,  
 Bravas magoás e ferís...  
 Se na gándara brotades,  
 Como non serés así!



<https://www.youtube.com/watch?v=m7BsNJeaAFY>



Maio longo... maio longo,  
 todo cuberto de rosas,  
 para algúas telas de morte;  
 para outros telas de vodas.  
 Maio longo, maio longo,  
 fuches curto para min:  
 veu contigo a miña dicha,  
 volveu contigo a fuxir.


<https://www.youtube.com/watch?v=wn7LNx4sWMM>



Cando penso que te fuches,  
 Negra sombra que me asombras,  
 Ao pé dos meus cabezales  
 Tornas facéndome mofa.  
 Cando maxino que es ida  
 No mesmo sol te me amostras,  
 I eres a estrela que brila,  
 I eres o vento que zoa.  
 Si cantan, es ti que cantas,  
 Si choran, es ti que choras,  
 I es o marmurio do río  
 I es a noite i es a aurora.  
 En todo estás e ti es todo,  
 Pra min i en min mesma moras,  
 Nin me abandonarás nunca,  
 Sombra que sempre me asombras.

[https://www.youtube.com/watch?v=53\\_-2CN9v8Y](https://www.youtube.com/watch?v=53_-2CN9v8Y)





Alén do retrato, é a gravura que se usaba nos billetes de 500 pts, no milenio pasado (o anaco que faltaba naquel debuxo), cómpre dicir que **no ano 1880 suceden moitas cousas:**

- Comeza o primeiro intento de construción do Canal de Panamá, que acabará fracasando.
- En San Petersburgo inaugúrase o primeiro tranvía eléctrico do mundo.
- Queda abolida a escravitude en España (xa fora abolida anteriormente, coa excepción de Cuba, que era territorio español).
- Tamén en España, realízase a primeira chamada telefónica mediante unha liña privada.
- Invéntase a bicicleta, e Edison patenta a primeira lámpada eléctrica.
- En Madrid, Francisco Giner de los Ríos funda a “Institución Libre de Enseñanza”, o centro máis importante de cultura laica e progresista.
- Comeza a Guerra dos Boers en Sudáfrica.
- Publícase “Aires da miña terra” de Curros Enríquez.
- Dostoievsky publica “Os irmáns Karamazov”.
- **Publícase “Follas novas”, a obra cume da poética rosaliana.**

“Follas novas” é o segundo libro galego de Rosalía, e será o último. O título ten un xogo de significados por canto son follas de papel con escritos novos e ten a lectura das novas follas que nacen na primavera, e que poderían dar unha idea alegre, de renacemento ou de nova vida, que, xa no quinto poema, se encarga ela mesma de derrubar, poema que figura na selección proposta.

Toda a crítica coincide en ser este un libro máis persoal que o primeiro, aínda coas raíces na materia e na forma daquel. A experimentación poética é de maior calado. Se o anterior libro demostraba a potencialidade do galego para expresar unha poesía de calidade, con aparencias e modos populares, pero cun nivel moi por riba do panorama xeral, este de agora demostra a capacidade creativa da lingua, e por suposto o da autora que escribe os poemas. A marca estaba moi alta, pero o resultado rompe a medida e atinxe a altura de obras maestras da época e do entorno. Porén, os recoñecementos que “Cantares gallegos” recibira, mesmo da intelligentsia española da época, como obra afectiva e afectuosa, folclórica e testemuñal, ao tempo incomprendida por canto as cargas de profundidade que portaba non eran evidentes para moitos e moitas, neste “Follas novas” tórnase en críticas, algunhas delas abertas e duras. A incompreensión é máis intensa, as formas máis innovadoras, as temáticas máis punxentes son atacadas e isto cústalle á autora angustia e desánimo, que xa asoman dalgunha maneira como anticipacións poéticas no propio libro.


“**Follas novas! Risa dáme**” é o quinto poema de “Follas novas”, non ten título, así que podemos usar a convención poética de referir o poema co primeiro dos versos. Non temos xa letras inclinadas, Rosalía xa non precisa do envoltorio da recompilación para xustificar unha cantiga. A disposición en coplas de catro versos é a orixinal

A coincidencia co título do libro non é casual. A reflexión da autora vai sobre a polisemia da expresión follas novas, e mediante oposicións deixa claro que o significado do título (novas, frescas, verdes, suaves) ten outro contido, o oposto (toxos, silvas, sen cheiro nin frescura).

Para a ligazón, súxírese un recitado do poema, non a musicación, feito por Marina Mayoral, e especialmente expresivo. Ademais é un poema breve, así que non debería resultar pesado na audición.




“**Maio longo, maio longo**” é o quincuaxésimo primeiro poema do libro. De novo son dúas coplas de catro versos, pero impresas nunha tirada. Cómpre sinalar as oposicións nos significados (as telas, a “dicha” que vén e vai). Hai castellanismos, lembremos de novo que o galego de Rosalía ten moito de vacilante, na grafía aínda máis, porén nesta versión está adaptada ao galego moderno.

“Maio longo, maio longo” forma parte de expresións e refráns populares, polo que podería haber aquí unha pegada sutil da técnica de “Cantares gallegos”. O significado ten que ver cos traballos campesiños neste mes, que eran grandes e pesados, polo que o normal era percibir o mes como longo e duro.



<https://www.youtube.com/watch?v=zF3Mqkvz4I>

Cando penso que te fuches,  
 Negra sombra que me asombras,  
 Ao pé dos meus cabezales  
 Tomas facéndome mofo.  
 Cando maxino que es ida  
 No mesmo sol te me amstras,  
 I eres a estrela que brila,  
 I eres o vento que zoa.  
 Si cantan, es ti que cantas,  
 Se choran, es ti que choras,  
 I es o marmurio do río  
 I es a noite i es a aurora.  
 En todo estás e ti es todo,  
 Pra min i en min mesma moras,  
 Nin me abandonarás nunca,  
 Sombra que sempre me asombras.

“Cando penso que te fuches” é a cuadraxésima poesía do libro, e, non tendo título expreso e existindo o costume de usar o primeiro verso, é coñecida, ata internacionalmente, como “Negra sombra”.

Foi musicada no século XIX polo maestro Xoán Montes cunha melodía recoñecida e recoñecible. Pola calidade da composición do maestro Montes, e tamén por ter sido musicada apenas doce anos despois da publicación do libro, hai poucas alternativas de audición desta poesía en forma cantada. A que se suxire é quizá a considerada máis axeitada ao espírito da peza e da música, que é a de Carlos Núñez con voz de Luz Casal. Na páxina seguinte plantéxanse alternativas de interpretación, pero neste case sempre coa música do maestro Montes.

A estrutura é a de copla de novo con asoante dos versos pares, e xoga de novo cunha polisemia da palabra sombra que está en parte perdida.

A sombra era un axente ou forza na que a xente cría, antes da medicina científica, aínda que non era máis que un mito que explicaba o que non tiña explicación. En tempos de Rosalía, en Galiza, cando alguén enfermaba de maneira inexplicable e non se encontraba remedio de ningún tipo, e a persoa se ía apagando, era atribuído o feito a unha “sombra” que o deixara “asombrado”, é dicir que o mal lle chegara por expoñerse á sombra doutra persoa ou dun animal. Era equivalente ao “mal de ollo”, este de máis

proxección internacional, no que é unha mala mirada a que causa desastres. Por tanto a sombra que asombra é ese mal incorpóreo que serve ademais de metáfora nesta poesía doutro mal que está dentro e que se aparece por toda a parte.

Na última páxina situose unha foto antiga da **Casa da matanza**, en Iria Flavia, Padrón, onde morreu de cancro Rosalía en 1885. Nesta casa viviu os tres últimos anos da súa vida coa súa familia, e foi alí onde sufriu os padecementos da enfermidade.

A casa é a actual sede da Fundación Rosalía de Castro e está convertida en casa-museo, e pódense visitar as estancias que ocuparon os Murguía Castro neses tres anos.

Na Coruña hai tamén unha casa na cidade vella na que Rosalía viviu coa familia durante dous anos, pero até o de agora non recibiu ningún tipo de atención.

O resto dos textos intentan axudar a comprender o sentido dos tres poemas escollidos.

É importante insistir nos condicionantes históricos do tempo que vive Rosalía. Os seus poemas, como os seleccionados ou moitos outros, son moitas veces atemporais para o lector, conmoven dunha maneira tan especial que quizá os percibimos como se formaran parte da nosa realidade actual e moderna, e isto forma parte do seu valor intrínseco.

Pero, os tempos de Rosalía eran tempos de moitas carencias, no económico, no material, na comunicación, na alimentación mesmo. As viaxes facíanse a pé, en carro tirado por animais ou dacabalo dun deles. O transporte máis moderno, que era o ferrocarril, estaba timidamente comezando en Galicia, e estaba a inaugurarse unha liña entre Santiago e Carril, en Pontevedra. Chegar dunha cidade a outra eran días de viaxe, saír de Galicia cara Portugal ou Madrid podía levar cerca dunha semana de viaxe en carros de cabalos, chegar a América era máis dun mes de viaxe en barcos de vela. As cartas escritas en papel viaxaban a esas velocidades, aínda que se estaban a montar liñas telegráficas que eran o último en comunicación moderna, e barcos de vapor que eliminaban a aventura nas rutas marítimas. Electricidade e teléfono cableado acababan de inventarse aínda. Por suposto nada de cinema, televisión, internet, video-calquer cousa, e demais. As únicas posibilidades de ter imaxes da realidade eran contar cun bo debuxante ou cun dos primeiros fotógrafos. De Rosalía só temos dous ou tres debuxos e non máis de nove ou dez fotografías, de toda a súa vida. Ambos os procedementos eran caros, e estaban reservados á elite que os pudesese pagar. De aí que, por exemplo, a sensibilidade sobre conceptos como o da sombra, que hoxe nos pode resultar extraño, témola que situar nun mundo sen electricidade, nese caso noite e sombras adquiren outro significado.



**Follas novas** foi o segundo dos libros en galego de Rosalía. O título é un xogo. Son follas de papel, porque escribiu máis desde o outro libro, ou son follas das plantas que están nacendo e son noviñas?

Tamén aparece o xogo no poema “Follas novas, risa táme” no que intenta explicar o título do libro. A diferenza do libro anterior, que fora recoñecido no seu tempo con admiración, “Follas novas” recibiu críticas moi fortes. Porén este libro supera ao anterior en calidade poética.

**Padrón** foi a localidade onde Rosalía viviu os últimos anos da súa vida, na Casa da Matanza. Hoxe en día está convertida nun museo dedicado a ela.



O mes de maio ten 31 días e é tan longo como outros seis meses máis, pero cando Rosalía di que é moi longo, os campesiños entendíano perfectamente. Maio é un dos meses con máis traballos no campo, e faise ben, ben longo.

A sombra era algo imaxinario pero que se creía moi real. Cando alguén enfermaba sen explicación díciase que a “sombra” o posuira, estaba “asombrado” e había que facer conxuros máxicos para sacarlle e curalo.

Ligazóns para traballar o díptico:

**“Follas novas? risa dáme”**

Versión de Marina Mayoral, a que vai no díptico  
<https://www.youtube.com/watch?v=m7BsNJeaAFY>

**“Maio longo, maio longo”**

A versión de Uxía, a que vai no díptico  
<https://www.youtube.com/watch?v=wn7LNx4sWMM>

A da señora Carmen  
<https://www.youtube.com/watch?v=LTdEyGZKZ3Q>

A de Carlos Núñez  
<https://www.youtube.com/watch?v=tRKUMS9jGQY>

A de Amancio Prada (con outra melodía)  
<https://www.youtube.com/watch?v=68wCFLIIXtE>

**“Negra sombra”**

A versión do díptico, de Carlos Núñez e Luz Casal  
[https://www.youtube.com/watch?v=53\\_-2CN9v8Y](https://www.youtube.com/watch?v=53_-2CN9v8Y)

Versión de Evoieh (coa mesma música, pero con outro timbre vocálico)  
<https://www.youtube.com/watch?v=zf33Mqvk24I>

Coral mineiros de Asturias ( O maestro Montes compuxo a música pensando na música coral)  
<https://www.youtube.com/watch?v=myN3UQY6eTg>

**Sobre Rosalía en xeral tendes:**

Que sabes de Rosalía de Castro?, feito polo CEIP Castrelo do Val  
[https://www.youtube.com/watch?v=AlycD0mt\\_Z8](https://www.youtube.com/watch?v=AlycD0mt_Z8)

A web da Fundación Rosalía de Castro, entre outras cousas custodian a Casa Museo de Padrón  
<https://rosalia.gal/>

Visita á Casa Museo con comentarios e narración, inclúe o Adios Rios Adios Fontes de A.Prada  
[https://www.youtube.com/watch?v=9MVzPdo\\_nvq](https://www.youtube.com/watch?v=9MVzPdo_nvq)

O pregado do díptico .....



Como se titulou o segundo libro de Rosalía de Castro? \_\_\_\_\_

Que dous significados pode ter o título? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

En que ano se publicou? \_\_\_\_\_

No poema "**Follas novas? risa dáme**" :

Que oposición de palabras hai na primeira estrofa? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Cales son os dous sentimentos da autora que compara cos toxos e as silvas? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

No poema "**Maio longo, maio longo**" :

Por que maio é tan longo, se ten 31 días como outros meses? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

No poema "**Negra sombra**" :

Rosalía usa un recurso poético que é empregar expresións contraditorias, que din o contrario, unha ao lado da outra. Busca un caso deste tipo que aparecen nun verso, no que a sombra é dúas cousas contraditorias.

\_\_\_\_\_

Outro recurso que emprega Rosalía e empezar dous versos da mesma maneira. Isto sucede dúas veces no poema, copia os dous versos da primeira vez e os dous versos da segunda

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Dálle cor á Casa da Matanza no díptico de Rosalía.